

DOMINGO, 25 DE MAIO ÁS 12'30 DA MAÑÁ (DESPOIS DA MISA) NA IGREXA PARROQUIAL DE XOVE

Concerto da **BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO**

A BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO presentouse en público, cun plante inicial de 40 músicos, o 25 de xaneiro de 1.992, perante un milleiro de persoas que, desde dentro e fóra da Igrexa Parroquial de Ribadeo, seguiron un concerto carregado de emoción: logo de tres décadas sen Banda, Ribadeo recuperábase ao son de cuarenta rapaces e rapazas guiados polo profesor Hernán Naval, até aquela data docente no Conservatorio de Viveiro e anteriormente Director da Coral Polifónica de San Cibrán.

Hoxe, a BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO está formada por máis de setenta xóvenes músicos amaters e ten acadado a formación de Banda Sinfónica, mesmo incorporando instrumentos de corda grave. Segue a ser dirixida por Hernán Naval, quen coa Banda ten estreado diversas composicións sinfónicas e arranxos de cancións galegas. Desde o 92 a Banda ribadense leva ofrecido concertos en dúcias de vilas e cidades de Galiza e Asturias. Ten actuado no Teatro Colón da Coruña, na Praza de Quintana de Compostela, na Praza de Santa María de Lugo... Máis foi o ano 95 cando veu a verdadeira proxección exterior da Banda, mesmo alén fronteiras de Galiza: Madrid, Barcelona, Murcia, Loures e Lisboa.

Acaba de celebrar con concertos, publicacións e unha exposición o seu primeiro lustro de vida pública. No verán vai grabar o seu primeiro CD, que se porá a venda en rematando o ano.

Os compoñentes da BANDA MUNICIPAL DE RIBADEO adquiren a súa formación musical na Escola Municipal de Música de Ribadeo, centro de ensino de música autorizado pola Consellería de Educación da Xunta de Galiza que funciona academicamente desde Novembro de 1.994 e donde se imparten todas as especialidades instrumentais, o que, a medio prazo, permitirá a creación da Orquestra Sinfónica de Ribadeo. Hernán Naval é o Director da Escola.

I PROGRAMA II

SINFONÍA DO NOVO MUNDO.....A. DVORAK
(ARR. DO IV MOV. E CITA DO II)

CADROS D'UNHA EXPOSICIÓN.....N. MOUSSORGSKY

I. PROMENADE

II. O YELLO CASTELO

III. ESTILO

IV. O BAILE DOS PITOS

V. A CARANA DE NABA-YAGA

PANIS ANGELICUS.....C. FRANCK

(PABLO FERNÁNDEZ FELJÓ, TROMPETA, E
FERNANDO RODRÍGUEZ RAÑO, TROMBÓN)

KONZERTMUSIK.....GOTTFRIED VEIT

(MUSICA DE CONCERTO PARA PERCUSIÓN E BANDA)

MEMORIAS DE ÁFRICA.....JOHN BARRY

BAILANDO CON LOBOS.....JOHN BARRY

PAVANA IN BLUE.....TED HUGGENS

(MARIO OROSA, GUITARRA ELÉCTRICA)
PIENSA EN MÍ (BOLERO).....AGUSTÍN LARA

SETE ROSAS (PASO-DOBRE).....A. DEL RIO

Dirixe: HERNÁN NAVAL

GALICIA: TERRA ÚNICA

PROGRAMA dos días

23, 24 e 25 de MAIO

ATENCIÓN OS HORARIOS E LUGARES DE ACTUACIÓN

ENTRADA LIBRE E GRATUITA

CONCELLO DE

XOVE



CONSELLERÍA DE CULTURA

DA XUNTA DE GALICIA

VENRES, 23 DE MAIO AS 10'30 DA NOITE NO SALON DE ACTOS DO CENTRO CIVICO

Grupo de Gaitas e Pandereteiras

'O FIADEIRO' de Vigo

O Grupo para a recuperación de bailes, músicas e cantares tradicionais "O FIADEIRO" nace no ano 1.991 no sur da provincia de Pontevedra coa intención de cubri-lo baleiro existente no referente ó ensino da etnografía e do folclore galego tradicional, aprendido dos nosos maiores.

Dende entón, xóvenes integrante de varias agrupacións folclóricas de Vigo, botámonos a camiñar polas terras de Galicia na procura dunha parte do noso folclore que se perde a pasos axigantados; tentamos recupera-lo legado cultural dun tempo onde se viviron os "seráns" e as "foliadas", onde había grandes bailadores de solto e agarrado... o que permanece agora na mente dos máis maiores.

A partir dese momento constitúese "O FIADEIRO" como Asociación Cultural Folclórica, integrada na Deputación de Pontevedra, sen outro tipo de financiación máis que a dos propios compoñentes do grupo.

Domingo a domingo saímos na procura dun novo son para risca-las pandeiretas no Val do Dubra, dun gaiteiro que amenizaba as "polavilas" na Fonsagrada, dalgún vello home de mar que nos ensine a baila-la muiñeira "ghalluda", aquela ribeirana vella en Bergantiños, aquelas regueifas de Zas ou Santa Comba, as danzas de Reis, os maneos, a lata de carburo de Liñares de Avión, os legóns das labradas da zona de Mondariz,....

"O FIADEIRO" consta dunha sección de baile con dez parellas en activo, unha sección de acompañamento que inclúe, por unha banda, un conxunto de pandereteiras que interpretan todo tipo de tonos acompañados, dependendo da zona que se trate, con varios instrumentos de percusión como latas de carburo ou de pimentón, legóns, tixolas, botellas, culleres e como non, a pandeireta e o pandeiro, entre outros; por outra banda, un grupo de música que inclúe gaitas, acordeón, percusión tradicional e, dependendo das pezas, instrumentos como o violín ou o clarinete.

Con nós veñen colaborando grupos de renome no ámbito tradicional como son os quintetos "Millaradas" e "Ardentía", a charanga "Ou vai ou racha", o grupo de pandereteiras "Choruvia", o grupo tradicional "Os Cuncheiros" e os grupos de música folc "Trisquel" e "Muxicas", que inclúen nos seus traballos discográficos pezas parecidas pola agrupación "O FIADEIRO".

SABADO, 24 DE MAIO AS 7 DA TARDE NO SALÓN DE ACTOS DO CENTRO CIVICO

CONCERTO DA

ORQUESTRA DE CAMARA MELIDÁ

A ORQUESTRA DE CAMARA MELIDA foi a primeira agrupación que nace no seo do Conservatorio de Melide a finais do ano 1.993. Esta Orquestra que comezou a súa andaina formada integramente por alumnos do Conservatorio, evolucionou nos últimos tempos cara unha maior profesionalización, contando na actualidade non só con estudantes, senón, tamén cos profesores, o que fai que a Orquestra teña unha maior proxección.

Polo momento, destacan as actuacións realizadas para actividades escolares e concertos programados polo Concello para o público melidense. Como foi o último Concerto "Recorrido musical" que tivo lugar o 20 de agosto de 1.996 na Igrexa Parroquial conseguindo un grande éxito de público. A Orquestra de Cámara Melidá está actualmente coordinada por Dona Rosa Vázquez e dirixida por D. Fernando Vázquez Arias.

FERNANDO VAZQUEZ ARIAS.- Director de orquestra, pianista e compositor, nado en Melide, comeza os seus estudos baixo a dirección do seu pai, tamén músico e con Lolita Morate.

É un dos músicos españoles que posúe maior formación: estuda piano con Mercedes Goica, armonía, formas de composición, contrapunto, fuga e composición con Rogelio Groba; Dirección de orquestra (Real Conservatorio Superior de Música de Madrid con F. García Nieto e Dirección de coros con Marcos Vega, becado pola Xunta de Galicia)

Ten experiencia en dirixir todo tipo de bandas. Entre 1.987 e 1.993 foi director musical do Conservatorio de Grao Medio de Lalín, en 1.991 crea a Orquestra do Conservatorio de Lalín, entre 1.992 e 1.994, é asesor musical de RNE, e director de programas clásicos da RTVG. No verán de 1.994 dirixe durante 20 concertos á Orquestra Nacional de Moldavia durante a Romaría Internacional.

PROGRAMA

I

II

SINFONIA DOS XOGUETES.....HAYDN
-ALLEGRO
-MENUETT
-ALLEGRO MODERATO
SUITE Nº 1 DE CARMEN.....G. BIZET
-PRELUDE
-ARAGONAISE
-INTERMEZZO
-SEGUEVILLE
-LES DRAGONS D'ALCALA
-LES TOREADORS

DANZA DEL FUEGO (BENAMOR).....P. LUNA
PROCESION (DEL CASERIO).....J. GURIDI
MOLINOS DE VIENTO.....P. LUNA
VOCES DE PRIMAVERA.....R. STRAUSS
HIMNO DE LA ALEGRIA.....L. V. BEETHOVEN

Dirixe: FERNANDO VAZQUEZ ARIAS